DOG Diario Oficial de Galicia

DOG Núm. 94 | Luns, 20 de maio de 2019 | Páx. 24080

## III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

## CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL

*EXTRACTO da Orde do 3 de maio de 2019 pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes sostidos con fondos públicos, para o curso escolar 2019/20 (código de procedemento ED330B).*

BDNS (Identif.): 454794.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index).

Primeiro. *Beneficiarias*

Aquelas familias con alumnado matriculado en centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia sostidos con fondos públicos nas modalidades de gratuidade solidaria que se relacionan a seguir:

a) Fondo solidario de libros de texto do alumnado matriculado en 3º, 4º, 5º e 6º de educación primaria (EP), e en 1º, 2º, 3º e 4º de ensinanza secundaria obrigatoria (ESO).

b) Axudas para adquirir libros de texto destinadas ao alumnado matriculado en 1º e 2º de EP, e en educación especial (EE), así como as axudas que pode recibir o alumnado incluído na disposición adicional primeira da orde.

c) Axudas para material escolar destinadas ao alumnado matriculado en EP, ESO e EE.

Segundo. *Obxecto*

As distintas modalidades de axudas teñen como obxecto apoiar as familias con menos ingresos para dispoñer dos libros de texto e material escolar.

CVE-DOG: 1tyrrpy1-lbi7-njv7-aab8-ystmu6bc5xj0

Terceiro. *Bases reguladoras*

Orde do 3 de maio de 2019 pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes sostidos con fondos públicos, para o curso escolar 2019/20 (código de procedemento ED330B).

Cuarto. *Importe*

Fondo solidario de libros de texto: 128.000 alumnos beneficiarios, cunha dotación total de 1.800.000,00 euros para o ano 2019 e de 300.000,00 euros para o ano 2020.

Axudas libros de texto: 33.056 alumnos beneficiarios, cunha dotación total de 4.200.000 euros para o ano 2019 e de 400.000 euros para o ano 2019. Esta actuación está cofinanciada polo Ministerio de Educación e Formación Profesional.

Material escolar: 100.000 alumnos beneficiarios, cunha dotación total de 5.000.000 euros para o ano 2019 e de 400.000,00 euros para o ano 2020.

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

Iniciarase o día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia* e rematará o día 21 de xuño de 2019. O alumnado que se incorpore ao centro docente fóra deste prazo disporá dun mes contado a partir do día seguinte ao da formalización da matrícula. Non se poderán presentar solicitudes despois do 31 de marzo de 2020.

Santiago de Compostela, 3 de maio de 2019

Carmen Pomar Tojo
Conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional

CVE-DOG: 1tyrrpy1-lbi7-njv7-aab8-ystmu6bc5xj0